


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

11 – 12 de xullo do 2020

XV DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
E COA NATUREZA MALTRATADA



1

1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Hai persoas as que lles gusta moito falar e opinar de todo, aínda que moitas veces non sexan quen de dicir nada, pero elas falan. Comprobámolo a miúdo nestes tempos de pandemia. Todo o mundo fala e todo o mundo opina, nós tamén, e sen medo a equivocarnos.

Por outra parte, canto nos custa escoitar. E non só as cousas importantes, senón tamén as cousas sinxelas de cada día. Coñecer o que os outros teñen que dicir é moi importante para a convivencia cotiá. E moito máis se o facemos con atención, respecto, agarimo...

Na primeira lectura de hoxe, Isaías falaranos da choiva que enchoupa a terra, preparándonos para escoitar a parábola do sementador. Esta Palabra de Deus que escoitamos nas nosas celebracións, se a sabemos escoitar, será a que faga que nós deamos froitos de verdade.

Cada semana, neste compartir de fogar, se escoitamos a Xesús con atención e o comprendemos, iremos pouco a pouco sendo tamén sementes do evanxeo.

Reunímonos na casa, para escoitar e acoller, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

🎵 *Andarei na presenza do Señor*

2

Celebrante: *Nestes tempos de pandemia démonos conta que todos somos capaces de falar e de opinar, pero que poucos son os que escoitan e así imos deixando de lado as precaucións e a responsabilidade. Hoxe, escoitando a parábola do sementador, queremos comprometer nos con Xesús e ser sementes de responsabilidade e coidado da nosa saúde e da dos demais:*

Monitor/a

➤ Comprometémonos con Xesús a vivir dende a actitude de responsabilidade persoal e respecto para con todos?

SI, COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos con Xesús a esforzarnos por dar exemplo e botar unha man ás persoas que precisan de nós?

SI, COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos con Xesús a seguir o seu exemplo de acollida cos máis necesitados e esquecidos, nos que sofren máis preto a pandemia do Covid 19?

SI, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dun xeito especial das familias que traballan o campo e non sempre ven valorado o froito do seu traballo. A todos, o Señor, nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai a nosa oración e pedimos que de verdade saibamos ser sementes dunha nova forma de vivir e de amar.*

(silenzo)

Deus, Noso Pai, Ti que es a fonte de todo ben, segue amosándonos a luz da túa verdade para que fagamos da vida camiño da Boa Nova. Axúdanos co teu alento para facernos crentes, cribles nas palabras e nos feitos, acollendo a todas as persoas sen facer distincións. Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, Noso Señor, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a: *As Palabras de Xesús no Evanxeo de hoxe son para nós un motivo de esixencia na responsabilidade que temos con respecto a Deus e aos outros. Tamén nestes momentos se nos pide responsabilidade persoal e coherencia para seguir coidando a nosa saúde e a dos outros.*

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

Di o Señor:

Velaí: como a chuvia e a neve baixan do ceo e non voltan alá sen enchoupar a terra, fecundala e facela brotar, para que lle dea semente ao que sementou e pan ao que come, así tamén será a miña palabra que sae da miña boca: non voltará a min en van, senón que fará o que eu queira, e conseguirá aquilo para o que a mandei.

Palabra do Señor

🎵 **A túa Palabra é o meirande ben**

SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 222 Mt 13, 1-23 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel día Xesús saíu da casa e foise sentar á beira do mar. Tanta era a xente reunida ao pé del, que tivo que subir e sentar nunha barca, mentres a xente toda ficaba na beira. E faloulles de moitas cousas en parábolas. Dicía:

- Dunha vez saíu un labrego a sementar. E ao botar a semente, parte dela foi caendo polo camiño adiante; viñeron os paxaros e comérona. Outra caeu entre pedras,

onde a penas había terra; e naceu de contado, porque a terra non tiña fondura; pero non ben saíu o sol, queimouna, e, como non tiña raíz, secou. Outra parte caeu na silveira, e ao medraren as silvas afogárona. Outra caeu en boa terra, dando froito: unha, cen; outra, sesenta; outra, trinta. ¡Quen teña oídos que escoite!

E achegándose os discípulos dixéronlle:

- ¿Por que lles falas en parábolas?

El respondeulles:

- Porque a vós concedéusevos coñecer os misterios do Reino dos Ceos, pero a eles non. Pois a quen ten daráselle ata sobrarlle; pero a quen non ten aínda o que cre ter se lle quitará. Por iso fálolles eu en parábolas, porque mirando, non ven, e escoitando, non oen nin entenden. Cúmprese así neles o que profetizara Isaías dicindo:

Oír, oiredes, pero non entenderedes;

ollar, ollaredes, pero non veredes.

Porque o corazón deste pobo está insensibilizado: endureceron os seus oídos e pecharon os seus ollos, para non veren cos ollos, nin oíren cos oídos, nin entenderen co seu corazón nin se converteren para que eu os cure.

¡Ditosos, en troques, os vosos ollos, porque ven, e mailos vosos oídos, porque oen! Pois asegúrovos que moitos profetas e xustos arelaron ver o que vós vedes, e non o viron, e oír o que vos oídes, e non o oíron.

Escoitade, logo, vós a parábola do sementador:

Sempre que un escoita a Palabra do Reino e non a entende, vén o Maligno e arrepañalle o sementado no seu corazón: esa é a que caeu no camiño. O que caeu entre as pedras, vén ser aquel que, escoitando a Palabra, de seguida a recibe con alegría; pero, ao non ter raíz e ser inconstante, así que veñen as dificultades ou a persecución por causa da Palabra, de seguida abandona. O que cae na silveira, vén ser aquel que escoita a Palabra; pero as preocupacións do mundo e o engado das riquezas afogan a palabra e queda sen dar froito. Pero o que foi sementado en boa terra, vén ser aquel que escoita a Palabra e a comprende: este si que dá froito e produce nun caso cento, noutro sesenta e noutro trinta.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



É o momento de mirar cara a nosa vida e ver se somos quen de escoitar a Palabra de Deus e comprendela para que frutifique en nós.

Preguntámonos que tipo de terra somos?

Como na parábola, podemos escoitar a palabra pero non acollela como é preciso, e entón non dará ningún proveito nin para nós nin para os outros.

Xa que vivimos no rural, sabemos o traballo que leva conseguir algúns froitos: preparala terra, estercar, sementar, regar, limpar as herbas..., e todo iso co pouco aprezo que moita xente lle dá a ese esforzo.

Por iso tamén é momento para pararnos a recordar a aquelas persoas que, coma nós, viven no rural e que coñecemos. Poñelas nas mans do Pai para que elas tamén recollan froito abondoso tanto na súas persoas e familias como nas súas leiras.



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro na casa, deixémonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo e proclamemos coas nosas voces o credo que queremos sementar como igrexa de Xesús:

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Crede en Deus, no Deus que é Pai, que nos creou á súa imaxe, que nos ama e nos convida a ser semente de Vida, de Paz e de Xustiza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos nos convida a ser semente do evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito de Deus, que nos dá forzas para facer e sentirnos unha comunidade na que todos somos importantes e necesarios?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na igrexa, comunidade que anuncia o amor, que proclama o perdón e que camiña enfortecida polo exemplo de tantos homes e mulleres que viven escoitando e acollendo a todos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Movidos por Xesús, no espírito de querer ser sementes de boas novas, imos rezar na casa dicindo: **Señor, sementamos contigo.**

Monitor/a

1. Para ser igrexa que ofrece escoita, tolerancia e respecto, oremos

2. Para ser crentes no exemplo da responsabilidade persoal nestes tempos de pandemia, oremos

3. Para ser cristiáns nas actitudes de acollida e igualdade, dando froitos de vida á beira de quen se sente inxustamente tratado, oremos

4. Para ser veciños e veciñas que colaboran e se implican no coidado da terra, oremos

5. Para estar á beira das persoas que sofren, que non atopan quen as escoite, que precisan sementes de paz, de agarimo, de solidariedade. Oremos

Celebrante: Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acollendo as nosas preocupacións e desexos e nos convidas a ser as túas sementes dando froitos de boas obras. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Sexamos semente boa da man de Xesús e pidamos que o Pai nos axude a enraizar o seu amor e a súa forma de vivir na nosa sociedade. Por iso rezamos: NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús sementa coas súas palabras. Que nós saibamos ser sementes desa mesma vida con todos aqueles que a sociedade ten menos en conta e se senten cansos da vida. Podemos agora preguntarnos que froitos espera de nós a humanidade?, que lle podemos ofrecer de bo a esta terra e a este tempo?.*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *Compartir hoxe a fe na casa é querer ser sementes dun mundo ao xeito de Xesús.*

Ditosos nós que estamos convidados a sementar evanxeo e facelo crible cos nosos feitos e palabras.

🎵 **Sementar sementarei**

Se temos a man unhas sementes de algo podemos repartilas entre os da casa, ou podemos xuntalas nun lugar visible para recordar ao longo da semana que temos moito ben que sementar

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Oremos:

Señor, Noso Pai, dámosche as grazas por todas as persoas que no camiño da nosa vida son capaces de escoitar de verdade estando á beira dos que máis problemas teñen.

Agradecemos a vida das persoas que dan exemplo acollendo e compartindo, e así son semente de evanxeo para seguir construíndo xuntos unha nova humanidade ao xeito de Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén.

Con Xesús queremos dar grazas pola vida sinxela das nosas casas, nas que sabemos ben o que é sementar,

con Xesús vivir non consiste en competir e ser máis que os demais,

con Xesús damos grazas a Deus Pai por todas as persoas que nos axudan a ser crentes de verdade.

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.



“O que foi sementado en boa terra, vén ser aquel que escoita a Palabra e a comprende: este si que dá froito e produce nun caso cento, noutro sesenta e noutro trinta”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.

